

Esta fin de semana do **11 e 12 de maio** o Proxecto Ríos organiza o segundo **Roteirríos do 2013** . Desta volta achegarémonos á
bacía do Sil
para coñecer o seu patrimonio fluvial, as súas paisaxes e biodiversidade. O roteirríos será de dous días, a noite do sábado ao domingo a pasaremos no Albergue da Fábrica da Luz en Parada de Sil, equipamento turístico aberto recentemente ubicado nunha antiga fábrica da luz deste concello. Entre as actividades previstas está o sábado 10 un
roteiro polo Canón do río Mao
, dende Forcas até a Fábrica da Luz e o domingo 11 realizarnos un
percurso circular polo Canón do Sil
. O prezo da estancia é de
21€
e inclúe a cea do sábado, a durmida en liteiras e o almorzo do domingo.

O **número de prazas é limitado** se estás interesada/o en participar podes inscribirte por teléfono 981.57.00.99 ou por correo electrónico (ramses@adega.gal).

PROGRAMA ***Sábado 10***
11.00h Comezo do Roteiro en Forcas 12.30h Baixada ao río Mao 13.30h Xantar 15.00h Continuamos o roteiro

17.30h Parada nas tumbas antropomórficas

19.30h Chegada ao Albergue

21.30h Cea
Características do roteiro do sábado: A lonxitude aprox. é de 7 km. O percorrido é moi sinxelo xa que iremos todo o tempo pola antiga levadada da Fábrica da Luz que sigue a curva de nivel (700msnm) que nos ofrecerá unhas vistas impresionantes do Canón do Mao. Abandonaremos a levada para descender até o río a comer (este será o único tramo un pouco máis complicado) e despois retomaremos o camiño para seguir até o albergue. ***Domingo 11*** 9.00h Almorzo 10.30h Comezo do Roteiro en Parada de Sil

13.30h Chegada ao Mosteiro de Santa Cristina e xantar

15.00h Continuación do roteiro

17.00h Chegada a Parada de Sil
Características do Roteiro do domingo: A lonxitude aprox. é de 12 km. O itinerario é circular e percorre varias aldeas e lugares da parte ourensana da Riberia Sacra, podendo desfrutar das vistas do Canón do Sil.

Durante os dous percorridos iranse facendo paradas explicativas sobre a zona, biodiversidade, etc.